

boletín do ceesg

maio

aprobado

memoria de actividades

proxecto nº 2

proxecto nº 3

proxecto nº 4

asamblea xeral

Nº 5 | Maio de 2007 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



ceesg
colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia

Rúa Gómez Ulla 7, 3º
15702 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274
ceesg@colexioeducadores.com
www.colexioeducadores.com

ELECCIÓNS Á XUNTA DE GOBERNO DO CEESG E ASEMBLEAS 2007

Como xa fixéramos no ano 2006, e coa intención de motivar a participación das/os colexiadas/os na asemblea do CEESG, fixémosla coincidir cunha actividade formativa que consideramos de interese para as/os colexiadas/os: a segunda edición da *Escola de Primavera*.

Debido ao extenso dos asuntos a tratar na mesma, e a que se debían facer coincidir coa celebración de Eleccións á Xunta de Goberno, a Asemblea Ordinaria do CEESG 2007 tivo lugar en dúas sesións, que se celebraron os días 25 e 26 de maio.

Na primeira das sesións, o venres 25 de maio, aprobáronse por maioría todos os asuntos incluídos na orde do día que dependían da votación das/os colexiadas/os, e que son os seguintes:

- **Aprobación das actas da Asemblea Xeral Ordinaria 2006.**
- **Memorias de actuacións e económica do CEESG 2006.** Estes documentos están dispoñibles na web do CEESG, para a súa consulta.
- **Modificación das cotas colexiais.** Aprobáronse dúas modificacións:
 - Establecemento de cota de mantemento semestral bonificada para aquelas/es educadoras/es sociais en situación de activo con ingresos inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional. A cifra desta nova cota sería igual á cota para desempregados máis o 50%, elevándose no ano 2007 á cantidade de 47,92 €, actualizándose de xeito automático cada ano coa subida do IPC, tal como se aprobou na Asemblea Xeral Ordinaria do CEESG do ano 2005. **Para poder aplicar algunha das cotas bonificadas é necesario facelo constar expresamente en escrito dirixido á Xunta de Goberno con anterioridade ao 1 de xaneiro ou 1 de xullo (segundo o semestre en curso) aportando acreditacións fehacentes de: caso a: atoparse en situación de desemprego (coa fotocopia da tarxeta de demandante de emprego) ou caso b: activo con ingresos inferiores ao SMI (coa fotocopia de certificado da Seguridade Social acreditativo da/s última/s Bases de Cotización).**
 - Establecemento de cota de alta bonificada para aquelas/es Educadoras/es Sociais recién diplomadas/os. Así, as persoas que se colexien no 1º ano a partir da obtención do título ou depósito do título da Diplomatura verán reducida esta cota a 15 €, e os que o fagan no 2º ano a 35 € (a cota de alta xeral seguirá sendo de 65 €).

Outro dos asuntos recollidos na orde do día era o **nomeamento do Colexiado de Honra**. Esta distinción recaeu no Decano da Facultade de Ciencias da Educación do Campus de Ourense, D. Xosé Manuel Cid Fernández, como recoñecemento e en agradecemento á súa contribución ao desenvolvemento da nosa profesión, que queda máis que demostrada pola intensa colaboración levada a cabo co noso colexio dende o comezo da súa andaina, como membro da comisión habilitadora, coa participación en numerosos encontros formativos, e co apoio constante á figura do educador/a social e ás reivindicacións do CEESG neste sentido.

A **segunda parte da Asemblea** tivo lugar despois da celebración das Eleccións, o **sábado 26 de maio**, e na mesma aprobáronse os **Plans de traballo e Orzamento do CEESG para o ano 2007**, que están dispoñibles na web para a súa consulta. Cabe salientar a organización por áreas do CEESG, establecéndose as seguintes: Área de Comunicación e Participación, Área de Acción Profesional, Área de Desenvolvemento Socioprofesional, Área de Participación Social e Colexial, Área de Relacións Institucionais Estatais, Área de Relacións Institucionais Autonómicas.

En canto ás eleccións, é salientable o baixo nivel de participación, xa que tan só houbo 43 votos válidos de entre os 1.068 colexiadas/os incluídos no censo electoral. Destes, 18 exerceron o voto por correo. Tendo en conta que só se presentaba unha candidatura, o voto podía expresarse a favor, en contra ou en branco, e o resultado da votación resultou favorable á candidatura presentada.

Deste xeito, renóvase a composición da Xunta de Goberno do CEESG, que conta con algúns membros que xa formaban parte da Xunta anterior, renovando cargos, e con outras persoas que comezan a colaborar a partir deste momento. A nova composición da xunta directiva é a seguinte: Presidencia: M^a José Fernández Barreiro; Vicepresidencia: Alfonso Tembrás Lopez; Secretaría: Laura Cruz López; Tesourería: Paloma Seijo Anca; Vogais: Águeda Valín Armas, Alberto Fernández de Sanmamed Santos, Andrea Fernández Resille, Diego Parajó Naveira, Duarte Crestar Pena, Eva López Soto, Jorge Piñeiro Grandal, Luis A. Velasco Vaz, M^a Pilar Cañas Loureiro, Sofía Riveiro Oliveira.

ACTUACIONES REALIZADAS

- ✓ Envío de escrito ao Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, recordando a obrigatoriedade de colexiación das/os educadoras/es sociais que exerzan a profesión na nosa Comunidade autónoma, en relación aos procesos selectivos convocados recentemente pola entidade.
- ✓ Asistencia día 9 de maio á Mesa de Traballo "Familias e Educación", que organizou a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar co obxecto de deseñar estratexias para a elaboración do *IV Plan Integral de Apoio ás Familias*. Asistiron Eva López Soto e Laura Cruz López, Vogais do CEESG.
- ✓ Presentación do CEESG e do servizo de bolsa de emprego aos alumnos de 3º de Educación Social na Universidade de A Coruña, o día 14 de maio. Asisten Alfonso Tembrás López e Montse Sánchez, Tesoureiro e empregada do CEESG.
- ✓ Celebración do proceso de Censura de Contas que tivo lugar na sede do CEESG o 14 de maio. Participaron as/os 3 colexiadas/os nomeadas/os por sorteo público celebrado o día 16 de abril, o Presidente, o Tesoureiro, a Secretaria Técnica e o asesor contable do CEESG.
- ✓ Organización e celebración da 2ª *Escola de Primavera: Educación Social e Servizos Sociais*, que tivo lugar na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago os días 23, 24 e 25 de maio de 2007.
- ✓ Organización e celebración das Asembleas Xerais Ordinarias 2007 do CEESG, que tiveron lugar na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago os días 25 e 26 de maio.
- ✓ Celebración das eleccións á Xunta de Goberno do CEESG, que tiveron lugar na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago o día 26 de maio.
- ✓ Participación na Mesa Sectorial da Educación, organizada pola Concellería de Servizos Sociais do Concello de A Coruña, en relación co Programa Europeo "Traballando a corresponsabilidade no desenvolvemento local europeo". Esta mesa foi creada como espazo de reflexión sobre a situación das mulleres e homes no que respecta ao seu papel educativo e de socialización das súas fillas e fillos e da implicación de pais e nais na súa función educativa no terreo da corresponsabilidade. Tivo lugar o día 29 de maio e asistiu Alfonso Tembrás, tesoureiro do CEESG.
- ✓ Envío de escrito á nova Directora Xeral de Xustiza, Dona Begoña Santos Fernández, para recordarlle os asuntos vinculados co noso colexio que se comezaran a xestionar co seu predecesor, para poder darlle continuidade.
- ✓ Recurso de reposición contra as bases xerais de convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal laboral no Concello de Ponte Caldelas, incluídas na Oferta de Emprego Público 2006 e as bases específicas para cubrir en propiedade unha praza de educador/a familiar incluída no cadro de persoal laboral dese Concello, publicadas no BOP de Pontevedra nº 75 de data de 18 de abril de 2007. Solicítase o dereito dos habilitadas/os a participar no proceso selectivo. No BOP de Pontevedra de 23/05/07 publícase unha modificación das bases, pola que se admite a habilitación profesional.

NOVAS PUBLICACIONES DISPONIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG

- Revista "Perfiles. Revista general de política social" Nº 231. Maio 2007. ONCE.
- Boletín "Gizaberrri". Nº 45. Maio 2007. Colegio de Educadoras y Educadores Sociales del País Vasco.
- Revista "Club Gente Saludable", Nº 23. Decembro 2006
- Full informatiu Nº 38. Febreiro 2007. Col·legi d'Educadores i Educadors Socials de Catalunya.
- MARCO, A. (2007): *Diccionario de Mulleres Galegas*. Xunta de Galicia
- Boletín "Aldizkaria" Nº 193 (abril 2007) 140 (maio 2007). Centro de Documentación de Drogodependencias.
- Xornal "Entre Mayores". Nº 68. Maio 2007.
- Xornal "Infoxove". Nº 13. Maio 2007 e Nº Especial de verán
- Revista de Innovación Educativa "Aula". Nº 160. Marzo 2007
- DE LA CRUZ MARÍN ROMO, C. (2003): *Otro folleto de sexualidad* (2003). Consejo de la Juventud de la Comunidad de Madrid.
- DE LA CRUZ MARTÍN ROMO, C. e SÁEZ SESMA, S. (2003): *Guía de Orientación, Promoción y Educación para la Salud. Prevención VIH/SIDA. Claves educativas*. Cruz Roja Juventud.
- DE LA CRUZ MARTÍN ROMO, C. (2005): *Algunas orientaciones didácticas en torno a "El secreto de las familias. Una historia de dos niños, con dos mamás y de muchos dragones"*. Colectivu Milenta Mujeres.
- DE LA CRUZ MARTÍN ROMO, C. e LÁZARO CABEZÓN, O. (2006): *Apuntes de Educación Sexual sobre la sexualidad de niños y niñas con discapacidad*. Confederación Española de Asociaciones de Padres y Madres de Alumnos.
- DE LA CRUZ MARÍN ROMO, C. e SUÁREZ SÁNCHEZ, A.M. (2005): *Educación sexual desde la familia. Secundaria*. Confederación Española de Asociaciones de Padres y Madres de Alumnos.
- DE LA CRUZ MARÍN ROMO, C. (2004): *Educación sexual desde la familia. Infantil y primaria*. Confederación Española de Asociaciones de Padres y Madres de Alumnos.

ARTIGO DE INTERESE: AVISOS

PRÓXIMO COBRO DE COTAS COLEXIAIS

A finais do mes de xullo pasarase ao cobro da cota de mantemento do segundo semestre do 2007, que ascende á seguinte cantidade:

- **COTA XERAL:** 63,90 €
- **COTA BONIFICADA POR DESEMPREGO:** 31,95 €
- **COTA BONIFICADA POR SALARIO INFERIOR AO SMI:** 47,92 €

As persoas que desexen beneficiarse das cotas bonificadas deben facer chegar ao CEESG a documentación oportuna antes do día 1 de xullo. Non serán admitidas solicitudes de bonificación de cotas con posterioridade ás datas sinaladas, pese a que se axunte o xustificante oportuno que acredite a situación, dada a existencia de xuros bancarios sufragados por emisión e devolución de cotas.

APORTACIONES AO PLAN ESTRATÉXICO DE INFANCIA E XUVENTUDE 2007-2010

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar presentou recentemente o **Plan estratéxico da infancia e da adolescencia**, que pode ser consultado nas páxinas web www.benestargaliza.org ou www.colexioeducadores.com. Este documento marcará as liñas principais de traballo cos nenos e xóvenes nos vindeiros anos.

As Educadoras e Educadores Sociais temos moito que dicir neste ámbito, polo que dende o Colexio consideramos esencial facer propostas de mellora deste plan e animámoste a que revises o documento e envíes as túas aportacións.

O Colexio, co conxunto de aportacións recibidas e coas internas propias, fará un resumo co obxecto de achegarllas á Secretaría Xeral do Benestar, facéndoo constar en diálogos posteriores, así como en cantas canles se estableza preciso.

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



Organiza: Colegio de Educadoras y Educadores Sociales de Castilla La Mancha (CESCLM) e Asociación Estatal de Educación Social (ASEDES).

Contacto: Colegio de Educadoras y Educadores Sociales de Castilla La Mancha (CESCLM) Ctr. C. Buenavista, Local 8. 45005 Toledo.
Tel. 925 28 56 71 / Fax: 925285672 / secretariacongreso2007@cesclm.es

Prezos:	Cota xeral	Cota para colexiadas/os, asociadas/os e estudantes da diplomatura de Educación Social de todo o territorio nacional*
Inscripción, comida e aloxamento**	330 €	280 €
Inscripción e comida	170 €	130 €
Asistencia a cea/festa (optativa)		30 €

A inscrición inclúe: asistencia ao congreso, materiais, información das áreas de traballo nos talleres/grupos.

* As/Os colexiadas/os, asociadas/os e estudantes deberán remitir por fax ou correo un documento acreditando este extremo.

** As/Os congresistas estarán aloxados en habitacións dobres. Poderán utilizar a habitación dende as 12 horas do día 26 (anterior ao inicio do congreso) ata as 12 h. do día 29.

www.eduso.net/congresotoledo

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Vilaboa (Pontevedra): Anuncio da Oferta de Emprego Público para 2007. Unha praza de Axente de Desenvolvemento Local (BOE de 12/05/2007)

Concello de Soutomaior (Pontevedra): Anuncio da Oferta de Emprego Público para 2007. Unha praza de Técnico de dinamización socio-cultural. (DOG de 18/05/07)

Concello de Cabana de Bergantiños (A Coruña): Anuncio da Oferta de Emprego Público para 2007. Unha praza de Educador Familiar (DOG de 10/05/07)

OUTROS

Instituto de Maiores e Servizos Sociais: Resolución pola que se convoca a concesión de subvencións na área de atención a maiores durante o ano 2007 (BOE de 24/05/2007)

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Orde pola que se publican os Estatutos provisionais do *Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales* (BOE de 23/05/07)

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se establecen as bases que rexen as axudas para a realización de programas de apoio a familias monoparentais, e se procede á súa convocatoria (DOG de 06/06/2007)

Consellería de Traballo: Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación por conta allea de persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria (DOG de 06/06/2007)

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se convocan axudas económicas destinadas a subvencionar gastos de mantemento e funcionamento das asociacións e federacións de mulleres de Galicia (DOG de 05/06/2007)

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións a proxectos de accións de investigación-acción que teñan relación co esforzo global anti VIH-Sida (DOG de 4/06/2007)

Consellería de Cultura e Deporte: Orde pola que se convocan subvencións a asociacións e institucións culturais para a realización de actividades de promoción da lectura e a creación de clubs de lectura (DOG de 29/05/2007)

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: Orde pola que se establecen axudas para a realización de actividades de educación para a sustentabilidade (DOG de 23/05/2007)

OUTRAS CONVOCATORIAS

OFERTAS DE EMPREGO

♦ **POSTO:** Técnico de Programa de Dinamización Xuvenil.

Convoca: Algalia

♦ **PERFIL**

• **Tarefas:** Técnico de programa de dinamización xuvenil, responsable do programa "Súbete ó Castro".

• **Lugar de traballo:** Vigo.

• **Contrato:** 31 horas semanais – Xornada de tarde (de luns a sábado)

Remuneración: 11.580 € brutos/ano.

• **Duración do contrato:** xuño – setembro 2007. Posibilidade de renovación ata por dous anos máis.

♦ **REQUERIMENTOS DO POSTO**

• **Titulación:** Titulado grao medio (Educación Social ou Traballo Social), FP3 Animación sociocultural, non se desbotan outras titulacións.

• **Informática:** Nivel de usuario avanzado en ferramentas de ofimática.

• **Capacidade de traballo en equipo.**

• **Experiencia:** Xestión de proxectos. Experiencia de traballo con xóvenes. Traballo administrativo e atención ao público.

• **Valorarase:** Carné de conducir e vehículo propio. Experiencia como monitor/a de tempo libre. Ter participado en programas de dinamización xuvenil. Coñecementos informáticos: redes, xogos, programas específicos, linux, etc. Pertencer a algunha asociación xuvenil. Desenvolver algún tipo de obradoiro. Coñecementos musicais, artísticos, etc. Experiencia laboral previa.

♦ **PERSOAS INTERESADAS**

• Enviar curriculum vitae por correo electrónico a mated@algalia.com poñendo como referencia no asunto "Técnico programa dinamización xuvenil".

• As persoas preseleccionadas serán convocadas a unha entrevista persoal en próximas datas.